

Veciños e veciñas:

O 25 de xullo, estamos de celebración: celebramos o día do noso Patrón, o **Apóstol Santiago**, e máis aló da consideración relixiosa que moitos sentimos, celebramos o **día de Galicia**.

Estamos a pasar tempos difíciles, o Covid-19 deixou a moitos dos nosos no camiño, cambiou radicalmente os nosos hábitos e costumes, pero o que non pudo mudar foi o noso sentir... Non precisamos nin fogos artificiais, nin orquestras para festexar cos nosos, para non esquecermos de onde vimos e quen somos, para sentir no corpo ese rebulir de alegría festiva e o orgullo de ser galegos. Gozemos co que nos une e loitemos, cada un dende a nosa posición, para vivir nunha sociedade máis xusta en igualdade de oportunidades.

Pidámoslle ao Patrón que nos axude a ter unha convivencia de respecto e concordia, porque a grandeza dun pobo faina as súas xentes e a pluralidade é o que nos enriquece. Sexamos capaces de defender ideas dende a serenidade e a tranquilidade, porque nesta terra nosa, ninguén sobra, todos facemos falta.

Dada a situación actual, tamén quero informaros que **as FESTAS DE SAN ROQUE, dos días 15 e 16 de agosto, quedan** suspendidas. Por outro lado, seguiremos tendo algunha actividade seguindo a liña que vimos a desenrolar durante todo o verán, sempre con todas as garantías sanitarias.

**Por Viana! Por Galiza!**

**Feliz día de Santiago! Feliz día da Patria Galega!**

O Alcalde: Abelardo Carballo Alonso